



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Convocatoria da Xunta de Goberno Local para o 26.08.2026

Don **Manuel Vázquez Faraldo**, alcalde do Concello de Miño, de conformidade co establecido no artigo 112 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o artigo 130 e seguintes do Regulamento orgánico do Concello de Miño e ao abeiro do previsto no artigo 46.3 LRBRL, **RESOLVO**:

PRIMEIRO E ÚNICO.- Convocar a sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do Concello de Miño, que terá lugar o día 26 de agosto de 2026 ás 14:00 horas no salón de sesións da casa do concello, e fixar a seguinte orde do día:

1. Ratificación da urxencia

2. Aprobación da acta da sesión anterior: sesión extraordinaria e urxente do 17.08.2026

3. Licenzas urbanísticas e comunicacións previas

3.1. Expediente número 2026/U030/000002. Cambio de titularidade das licenzas de obra números 2024/U022/000009 e 2024/U022/000010 para execución de vivendas unifamiliares emparelladas e peches de parcela na rúa das Camposas, 17 e 19 de Costa Miño Golf a nome de Prosime Vivienda y Suelo S.L. e Fernando Valle Muñoz

4. Contratación

4.1. Expediente número 2025/C004/000004. Prórroga extraordinaria do contrato do servizo de limpeza integral das instalacións educativas do CPI Castro Baxoi

4.2. Expediente número 2026/C004/000003. Recurso especial en materia de contratación n.º 208/2026

4.3. Expediente número 2026/C003/000001. Aprobación do expediente de contratación para a adxudicación da obra "Mellora da capa de rodadura dos camiños de entre camiño a Chao do Monte e Sapeira"

A documentación estará á disposición das concelleiras e concelleiros a través do portal de cargos electos da sede electrónica do Concello de Miño.

Miño, na data da sinatura dixital

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

Dou fe. A secretaria acctal. municipal

María del Carmen Dopico Sanjuán